

CURSO INTERVENCIÓN EN CONTEXTO NATURAL PARA PERSOAS CON TEA



Prazo de inscrición:


20 de abril

Data e lugar de realización.

Sábado 6 de maio de 2017. Centro Abanca Obra Social. Praza Cervantes S/N . Santiago de Compostela

DOCENTE

LAURA ESCRIBANO



Directora da Asociación Alanda. Mestra en Educación Especial e Logopeda. Traballa en contextos naturais con persoas con TEA.

Ampla labor docente en diversas áreas, tanto en contextos formais como non formais, sobre contidos da intervención temperá en persoas con TEA: o programa de comunicación de Benson Schaeffer e Cols, o programa de estruturación ambiental PAENA, os facilitadores da comunicación e a linguaxe en persoas con TEA e intervención en conducta dende o apoio condutual positivo, dirixidos tanto a profesionais e a familias de persoas con TEA.

Destinatarios

O curso está dirixido a profesionais do ámbito social e familias de persoas con TEA.

Obxectivo

O obxectivo do curso é dar a coñecer ferramentas de intervención no contexto natural (casa, colexio, comunidade) a profesionais que traballan con persoas con TEA en idades comprendidas entre os 0 e 21 anos.

Contidos

- 1) O significado da intervención no contexto natural.
- 2) Vantaxes nos Trastornos do Espectro do Autismo
- 3) O modelo Alanda de Intervención
- 4) Formación familiar Hanen e GOMA

COSTE CURSO

65 euros.

Profesionais e familias das entidades asociadas: 12€

HORARIO

08:45 a 14:45

Nº DE PRAZAS

100 PRAZAS

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)

CURSO INTERVENCIÓN EN CONTEXTO NATURAL PARA PERSOAS CON TEA

A Intervención en Contexto Natural

A proposta deste curso está baseada no traballo en contexto natural, que consiste nunha forma de levar a cabo un programa de intervención personalizado, cun enfoque transdisciplinar que implique a profesionais, familias e outras persoas que estean na contorna do neno ou a nena con alteracións do neurodesarrollo , para formar un verdadeiro equipo de traballo.

Un **plan de intervención en contexto natural** diferénciase doutras formas de intervención porque reúne necesariamente as 5 características seguintes:

- Elaboración dun **programa individualizado** que de resposta ás necesidades concretas de cada individuo
- Os programas elabóranse desde un **enfoque funcional** e para ser desenvolvidos en contornas inclusivos
- Coordínase e pon en práctica por **profesionais especializados**
- Implica unha **organización de servizos coordinada** e centrada na persoa
- É imprescindible a **participación da familia** para o desenvolvemento dos programas, en todos e cada un dos seus pasos.

A xustificación do traballo en contexto natural vén dada pola evidencia que presentan os enfoques evolutivos, nos que está recoñecido que a maior parte da aprendizaxe na infancia ten lugar no contexto social das experiencias e actividades cotiás. Os esforzos por apoiar o desenvolvemento dunha persoa con TEA danse cos cuidadores principais (familia e profesionais do ensino) e con colaboradores próximos en actividades cotiás en diversas situacións sociais.

As contornas naturais son as rutinas diarias, actividades e lugares que son normais para todos e cada un dos membros dunha familia e inclúen, xeralmente, localizacións tales como o fogar, a comunidade escolar, os recursos de lecer próximos, o centro sanitario, o parque e os fogares doutros familiares ou amigos.

A **Asociación Alanda** desde a súa creación, no ano 1999, leva traballando desde este modelo a través dun **equipo de profesionais especializados en Comunicación, Linguaxe e Apoio Conductual Positivo** coas persoas que teñen Trastorno do Espectro do Autismo e con outras alteracións similares, traballando de forma conxunta coas súas familias e acudindo aos centros escolares inclusivos para intervir e apoiar ao profesorado que conta cunha diversidade do alumnado que necesitan programas específicos para acceder ao currículo e así dotalos das mesmas oportunidades que os seus iguais.

Dotar, capacitar e asesorar ás familias destes menores é unha das obrigacións, que desde o campo profesional, son necesarios para que poidan realizar unha crianza especializada. Polo que é fundamental que os profesionais se formen nos **programas de Hanen** de intervención en comunicación e linguaxe con nais e pais para apoiar o desenvolvemento infantil en TEA. Así mesmo, Alanda elaborou desde o ano 2002 un **programa específico: GOMA**, para a formación en Apoio Conductual Positivo ás devanditas familias, dotándoas de estratexias de mellora da regulación emocional, a desensibilización e as pautas básicas de crianza en soño e alimentación.